

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*RESOLUCIÓN do 1 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se amplían as zonas demarcadas por presenza da praga de corentena denominada *Trioza erytreae Del Guercio* ou psílido africano dos cítricos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Antecedentes.

O psílido africano dos cítricos (*Trioza erytreae Del Guercio*) orixinario de África e amplamente distribuído nese continente, foi detectado en Europa inicialmente nos territorios insulares das Azores, Madeira e Canarias. En prospeccións oficiais realizadas durante o ano 2014 detectouse a presenza deste organismo nocivo dentro da Comunidade Autónoma de Galicia en varios concellos das provincias da Coruña e Pontevedra.

A *Trioza erytreae Del Guercio* é unha praga incluída na lista A2 da EPPO (European Plant Protection Organization), e a enfermidade que transmite, chamada Huanglongbing (HLB), causada pola bacteria *Candidatus liberibacter africanus*, está encadrada na lista A1 (EPPO, 2014), polo que ambos son parasitos de corentena sometidos a regulación e, por tanto, é necesario tomar medidas para a súa erradicación e control.

Este organismo nocivo tamén foi incluído no anexo I do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación ou tránsito cara a terceiros países, mediante a Orde AAA/1703/2014, do 18 de setembro, pola que se modifican os anexos I, II, III, IV e V do Real decreto 58/2005.

A través da Resolución do 10 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, publicada no DOG núm. 36, do 22 de febreiro, foi declarada a presenza desta praga de corentena e foron establecidas as medidas urgentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia. Posteriormente, a Resolución do 1 de xullo de 2015 (DOG núm. 135, do 20 de xullo), da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, estableceu zonas demarcadas pola presenza do organismo e a Resolución do 1 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, publicada no DOG núm. 44, do 4 de marzo, ampliaba estas zonas demarcadas.



Durante as prospeccións realizadas durante o ano 2016, así como nos primeiros meses do ano 2017, producíronse novas deteccións deste organismo noutras zonas do territorio e, por tanto, en aplicación do establecido no punto 4 da Resolución do 1 de xullo de 2015, deberá ser publicada a nova extensión destas zonas demarcadas.

Por todo o anteriormente exposto,

RESOLVO:


1. Establecer como zonas demarcadas pola existencia da praga denominada *Trioza erytreae* Del Guercio (psílido africano dos cítricos) na Comunidade Autónoma de Galicia as que se indican no anexo I e na listaxe de concellos e parroquias afectadas do anexo II desta resolución.
2. Manter as medidas fitosanitarias establecidas na Resolución do 1 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, pola que se establecen as zonas demarcadas por presenza da praga de corentena denominada *Trioza erytreae* Del Guercio ou psílido africano dos cítricos e se adoptan medidas urxentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2017

Belén María do Campo Piñeiro
Directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias



ANEXO I

Figura 1. Mapa das zonas demarcadas de *Trioza erytreae* Del Guercio

ANEXO II
Listaxe de concellos e parroquias afectadas polas zonas demarcadas de *Trioza erytreae* Del Guercio

Provincia	Comarca	Concello	Parroquia
A Coruña	A Barcala	Baña (A)	Todas
A Coruña	A Barcala	Negreira	Todas
A Coruña	A Coruña	Arteixo	Armentón (San Pedro), Arteixo (Santiago), Barrañán (San Xián), Chamín (Santaia), Lañas (Santa María), Larín (Santo Estevo), Monteagudo (San Tomé) e Sorrizo (San Pedro)
A Coruña	A Coruña	Bergondo	Bergondo (San Salvador), Moruxo (San Vicente) e Ouces (San Xoán)
A Coruña	A Coruña	Cambre	Anceis (San Xoán), Brexo (San Paio), Bribes (San Cibrán), Cambre (Santa María), Cecebre (San Salvador), Cela (San Xulián), Meixigo (San Lourenzo), O Temple (Santa María), Pravio (San Xoán) e Sigrás (Santiago)
A Coruña	A Coruña	Culleredo	Almeiras (San Xián), Culleredo (Santo Estevo) e O Burgo (Santiago)
A Coruña	A Coruña	Oleiros	Dorneda (San Martiño), Iñás (San Xorxe), Liáns (Santaia), Maianca (San Cosme), Oleiros (Santa María), Perillo (Santa Locacia), San Pedro de Nós (San Pedro) e Serantes (San Xián)
A Coruña	A Coruña	Sada	Meirás (San Martiño) e Sada (Santa María)
A Coruña	Arzúa	Pino (O)	Arca (Santaia) e Pereira (San Miguel)
A Coruña	Arzúa	Touro	Bama (San Vicenzo), Bendaña (Santa María), Enquerentes (Santa María), Fontes Rosas (San Xoán), Foxás (San Breixo), Loxo (Santa María), Prevediños (Santiago) e San Miguel de Vilar (San Miguel)
A Coruña	Barbanza	Boiro	Todas
A Coruña	Barbanza	Pobra do Caramiñal (A)	Todas
A Coruña	Barbanza	Rianxo	Todas
A Coruña	Barbanza	Ribeira	Todas
A Coruña	Bergantiños	Cabana de Bergantiños	A Silvarredonda (San Pedro), Borneiro (San Xoán), Canduas (San Martiño), Cesullas (Santo Estevo), Corcoesto (San Pedro), Cundíns (San Paio), Nantón (San Pedro), Riobó (San Martiño) e O Esto (San Xoán Bautista)
A Coruña	Bergantiños	Carballo	Bértoa (Santa María), Cances (San Martiño), Carballo (San Xoán), Goiáns (Santo Estevo), Lema (San Cristovo), Noicela (Santa María), Oza (San Breixo), Razo (San Martiño) e Vilela (San Miguel)



Provincia	Comarca	Concello	Parroquia
A Coruña	Bergantiños	Coristanco	Cereo (Santa María), Oca (San Martiño), Valenza (San Pedro) e Xaviña (San Tomé)
A Coruña	Bergantiños	Laxe	Todas
A Coruña	Bergantiños	Laracha (A)	Cabovilaño (San Román), Caión (Santa María do Socorro), Lemaio (Santa María), Lendo (San Xián), Lestón (San Martiño) e Torás (Santa María)
A Coruña	Bergantiños	Malpica de Bergantiños	Todas
A Coruña	Bergantiños	Ponteceso	Todas
A Coruña	Betanzos	Miño	Bemantes (San Tomé), Carantoña (San Xulián), Castro (Santa María), Leiro (San Salvador), Miño (Santa María), Perbes (San Pedro) e Vilanova (San Xoán)
A Coruña	Betanzos	Paderne	San Pantaleón das Viñas (San Pantaleón)
A Coruña	Eume	Cabanas	Laraxe (San Mamede) e San Martiño de Porto (San Martiño)
A Coruña	Eume	Pontedeume	Andrade (San Martiño), Boibre (Santiago), Breamo (San Miguel) e Centroña (Santa María)
A Coruña	Ferrol	Ares	Ares (San Xosé) e Caamouco (San Vicente)
A Coruña	Ferrol	Cedeira	Cedeira (Santa María do Mar), Esteiro (San Fiz), Piñeiro (San Cosme) e San Román de Montoxo (San Román)
A Coruña	Ferrol	Fene	Barallobre (Santiago), Limodre (Santa Eulalia) e Maniños (San Salvador)
A Coruña	Ferrol	Mugardos	Franza (Santiago), Meá (San Vicente) e Piñeiro (San Xoán)
A Coruña	Ferrol	Valdoviño	Pantín (Santiago), Vilaboa (San Vicente) e Vilarrube (San Martiño)
A Coruña	Fisterra	Cee	Todas
A Coruña	Fisterra	Corcubión	Todas
A Coruña	Fisterra	Dumbría	Todas
A Coruña	Fisterra	Fisterra	Todas
A Coruña	Fisterra	Muxía	Todas
A Coruña	Muros	Carnota	Todas
A Coruña	Muros	Muros	Todas
A Coruña	Noia	Lousame	Todas
A Coruña	Noia	Noia	Todas
A Coruña	Noia	Outes	Todas



Provincia	Comarca	Concello	Parroquia
A Coruña	Noia	Porto do Son	Todas
A Coruña	O Sar	Dodro	Todas
A Coruña	O Sar	Padrón	Todas
A Coruña	O Sar	Rois	Todas
A Coruña	Ordes	Trazo	Benza (San Pedro) e Restande (Santa María)
A Coruña	Ortegal	Cerdido	Cerdido (San Martiño)
A Coruña	Santiago	Ames	Todas
A Coruña	Santiago	Boqueixón	Todas
A Coruña	Santiago	Brión	Todas
A Coruña	Santiago	Santiago de Compostela	A Peregrina (Santa María), Aríns (San Martiño), Conxo (Santa María), Figueiras (Santa María), Laraño (San Martiño), Marrozos (Santa María), O Castiñeiriño (Nosa Señora de Fátima), O Eixo (San Cristovo), San Lázaro (Santiago), San Paio (Santiago), Santa Cristina de Fecha (Santa Cristina), Santiago de Compostela, Vidán (Divino Salvador), Villestro (Santa María) e Vista Alegre (San Xoán)
A Coruña	Santiago	Teo	Todas
A Coruña	Santiago	Val do Dubra	Todas
A Coruña	Santiago	Vedra	Todas
A Coruña	Terra de Soneira	Camariñas	Todas
A Coruña	Terra de Soneira	Vimianzo	Todas
A Coruña	Terra de Soneira	Zas	Baio (Santa María), Brandomil (San Pedro), Brandoñas (Santa María), Carreira (Santiago), Lamas (Santa María), Loroño (Santiago), Mira (Santa María), Muíño (San Tirso), San Cremenzo de Pazos (San Cremenzo), San Martiño de Meanos (San Martiño), Santa Sía de Roma (Santa Sía), Santo Adrián de Castro (Santo Adrián), Vilar (San Pedro) e Zas (Santo André)
A Coruña	Xallas	Mazaricos	Todas
A Coruña	Xallas	Santa Comba	A Pereira (Santo André), Alón (Santa María), Arantón (San Vicente), Cícere (San Pedro), Fontecada (San Martiño), Freixeiro (San Fins), Grixa (San Xoán), Mallón (San Cristovo), Montouto (Santa María), San Salvador de Padreiro (San Salvador), Santa Comba (San Pedro), Santa Sabiña (San Xulián), Ser (San Pedro), Vilamaior (Santa María) e Xallas de Castriz (San Pedro)

CVE-DOG: wjojwqt9-v1s8-e7s7-bw32-wvxluuq2222x8



Provincia	Comarca	Concello	Parroquia
Ourense	O Carballiño	Beariz	Beariz (Santa María) e Xirazga (San Salvador)
Ourense	O Carballiño	Boborás	Astureses (San Xulián), Cardelle (San Silvestre), Xurenzás (San Pedro) e Xuvencos (Santa María)
Ourense	O Carballiño	Carballiño (O)	A Piteira (San Miguel), Arcos (Santa María), Lobás (Santa Ouxea), Longoseiros (Santa Mariña), Madamás (San Tomé), Mudelos (Santiago), O Carballiño (San Cibrao), Ponte Veiga (San Lourenzo) e Seoane de Arcos (San Xoán)
Ourense	O Carballiño	Irixo (O)	Cangues (Santo Estevo), Corneda (Santiago), Dadín (San Pedro), Loureiro (Santa Mariña) e Reádigos (Santa Baia)
Ourense	O Ribeiro	Arnoia (A)	Todas
Ourense	O Ribeiro	Avión	Todas
Ourense	O Ribeiro	Carballeda de Avia	Carballeda (San Miguel), Santo Estevo de Nóvoa (Santo Estevo) e Vilar de Condes (Santa María)
Ourense	O Ribeiro	Castrelo de Miño	Castrelo de Miño (Santa María)
Ourense	O Ribeiro	Cortegada	Todas
Ourense	O Ribeiro	Melón	Todas
Ourense	O Ribeiro	Ribadavia	Francelos (Santa María Madanela), Ribadavia (San Domingos de Fóra), Ribadavia (San Domingos) e Ventosela (San Paio)
Ourense	Terra de Celanova	Cartelle	Sande (San Salvador)
Ourense	Terra de Celanova	Gomesende	Todas
Ourense	Terra de Celanova	Padrenda	Desteriz (San Miguel), O Condado (Santa María) e Padrenda (San Cibrán)
Ourense	Terra de Celanova	Pontedeva	Todas
Ourense	Terra de Celanova	Ramirás	Escudeiros (San Xoán) e Penosiños (San Salvador)
Pontevedra	A Paradanta	Arbo	Todas
Pontevedra	A Paradanta	Cañiza (A)	Todas
Pontevedra	A Paradanta	Covelo	Todas
Pontevedra	A Paradanta	Crecente	Todas
Pontevedra	Caldas	Caldas de Reis	Todas
Pontevedra	Caldas	Catoira	Todas



Provincia	Comarca	Concello	Parroquia
Pontevedra	Caldas	Cuntis	Todas
Pontevedra	Caldas	Moraña	Todas
Pontevedra	Caldas	Pontecesures	Todas
Pontevedra	Caldas	Portas	Todas
Pontevedra	Caldas	Valga	Todas
Pontevedra	Deza	Lalín	Anseán (Santiago), Barcia (Santo Estevo), Losón (Santa Baia) e Vilatuxe (San Lourenzo)
Pontevedra	Deza	Silleda	Ansemil (San Pedro), Breixa (Santiago), Carboeiro (Santa María), Cervaña (San Salvador), Chapa (San Cibrao), Cira (Santa Baia), Cortegada (Santa María), Dornelas (San Martiño), Escuadro (San Salvador), Fiestras (San Martiño), Graba (Santa María), Lamela (San Miguel), Laro (San Salvador), Manduas (San Tirso), Margaride (San Fiz), Martixe (San Cristovo), Moalde (San Mamede), Negreiros (San Martiño), O Castro (San Mamede), Oleiros (San Miguel), Parada (San Tomé), Piñeiro (San Xiao), Ponte (San Miguel), Refoxos (San Paio), Rellas (San Martiño), Saídras (San Xoán), Siador (San Miguel), Silleda (Santa Baia) e Xestoso (Santa María)
Pontevedra	Deza	Vila de Cruces	As Cruces (Nosa Señora da Piedade), Bodaño (San Mamede), Carbia (San Xoán), Ferreiraós (San Xes), Fontao (Santiago), Merza (Santa María), Ollares (Santa María), Oirós (Santa María), Pilofio (Santa María), Sabrexo (Santa María), Salgueiros (San Pedro), San Pedro de Losón (San Pedro) e San Tomé de Insua (San Tomé)
Pontevedra	O Baixo Miño	Guarda (A)	Todas
Pontevedra	O Baixo Miño	Oia	Todas
Pontevedra	O Baixo Miño	Rosal (O)	Todas
Pontevedra	O Baixo Miño	Tomiño	Todas
Pontevedra	O Baixo Miño	Tui	Todas
Pontevedra	O Condado	Mondariz	Todas
Pontevedra	O Condado	Mondariz-Balneario	Todas
Pontevedra	O Condado	Neves (As)	Todas
Pontevedra	O Condado	Ponteareas	Todas
Pontevedra	O Condado	Salvaterra de Miño	Todas
Pontevedra	O Morrazo	Bueu	Todas



Provincia	Comarca	Concello	Parroquia
Pontevedra	O Morrazo	Cangas	Todas
Pontevedra	O Morrazo	Marín	Todas
Pontevedra	O Morrazo	Moaña	Todas
Pontevedra	O Salnés	Cambados	Todas
Pontevedra	O Salnés	Grove (O)	Todas
Pontevedra	O Salnés	Illa de Arousa (A)	Todas
Pontevedra	O Salnés	Meaño	Todas
Pontevedra	O Salnés	Meis	Todas
Pontevedra	O Salnés	Ribadumia	Todas
Pontevedra	O Salnés	Sanxenxo	Todas
Pontevedra	O Salnés	Vilagarcía de Arousa	Todas
Pontevedra	O Salnés	Vilanova de Arousa	Todas
Pontevedra	Pontevedra	Barro	Todas
Pontevedra	Pontevedra	Campo Lameiro	Todas
Pontevedra	Pontevedra	Cotobade	Todas
Pontevedra	Pontevedra	Lama (A)	Todas
Pontevedra	Pontevedra	Poio	Todas
Pontevedra	Pontevedra	Ponte Caldelas	Todas
Pontevedra	Pontevedra	Pontevedra	Todas
Pontevedra	Pontevedra	Vilaboa	Todas
Pontevedra	Tabeirós-Terra de Montes	Ceredo	Todas
Pontevedra	Tabeirós-Terra de Montes	Estrada (A)	Todas
Pontevedra	Tabeirós-Terra de Montes	Forcarei	Aciveiro (Santa María), Castrelo (Santa Mariña), Dúas Igrexas (Santa María), Forcarei (San Martiño), Meavía (San Xoán), Millarada (San Amedio), Pereira (San Bartolomeu), Quintillán (San Pedro) e Santa Mariña de Presqueiras (Santa Mariña)
Pontevedra	Vigo	Baiona	Todas
Pontevedra	Vigo	Fornelos de Montes	Todas
Pontevedra	Vigo	Gondomar	Todas
Pontevedra	Vigo	Mos	Todas
Pontevedra	Vigo	Nigrán	Todas
Pontevedra	Vigo	Pazos de Borbén	Todas



Provincia	Comarca	Concello	Parroquia
Pontevedra	Vigo	Porriño (O)	Todas
Pontevedra	Vigo	Redondela	Todas
Pontevedra	Vigo	Salceda de Caselas	Todas
Pontevedra	Vigo	Soutomaior	Todas
Pontevedra	Vigo	Vigo	Todas

